



COPIA

## ROGO PARA HABILITAR UNHA ÁREA PARA XOGOS TRADICIONAIS NO PARQUE DE GALERAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario do pasado mes de xullo este Grupo Municipal formulou un rogo para a mellora de seguridade e mantemento do parque infantil de Galeras, o acondicionamento do campo de chave próximo e o estudo da instalación dunha toma de auga, próxima á canle do regato para o lavado de bicicletas das persoas que acostuman practicar BTT na contorna do monte Pedroso.

Daquela, o concelleiro encargado da área de Medio Ambiente informou da existencia dun proxecto dotado con algo máis de 76.000 euros para unha renovación integral do parque e que no caso da toma da auga miraría as posibilidades da instalación.

Con posterioridade, representantes da ANPA do CEIP Raíña Fabiola téñenlle manifestado a este Grupo o seu interese por habilitar un espazo nesta zona do parque de Galeras, próxima ao centro educativo, para a práctica de xogos tradicionais galegos entre o seu alumnado.

Por este motivo, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte ROGO:

***Que o Goberno local proceda a habilitar, dentro da mellora integral do Parque de Galeras, unha área axeitada para a práctica de xogos tradicionais galegos, valorando a posibilidade de facelo dentro do acondicionamento do campo de chave, onde se podería compatibilizar o seu uso e facilitar o seu mantemento.***

Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2016.

María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela